

VIGO NATURAL

ABRIL-MAIO

LUNS
25

Baixamar: 02.29/14.53
Preamar: 08.52/21.14

☾ Minguante

MARTES
26

Baixamar: 03.47/16.13
Preamar: 10.09/22.28

MÉRCORES
27

Baixamar: 04.56/17.18
Preamar: 11.16/23.30

XOVES
28

Baixamar: 05.49/18.09
Preamar: 12.08

VENRES
29

Baixamar: 06.32/18.52
Preamar: 00.20/12.49

SÁBADO
30

Baixamar: 07.09/19.29
Preamar: 01.02/13.25

DOMINGO
1

Baixamar: 07.43/20.04
Preamar: 01.38/13.56

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			



A BOGA CRÍA EN ZAMÁNS

Unha das especies que se pode localizar entre a fauna do encoro de Zamáns é a boga (*Chondrostoma polylepis*), que comeza agora a súa etapa de reprodución. É un peixe moi gregario, especialmente durante a migración prereprodutiva que efectúa curso arriba do río. Aliméntase de vexetación e en menor medida de pequenos invertebrados. Durante a freza os machos desenvolven numerosos tubérculos nupciais moi pequenos por todo o corpo. As femias poñen **entre 1.000 e 8.000 ovos** agochados entre area e grava.

Atención á marea vermella!

As mareas vermellas son un fenómeno natural provocado pola proliferación de certas algas que conteñen **toxinas** e que tinguen desa cor a superficie do mar. O fenómeno prodúcese cada ano con maior ou menor intensidade. Se os índices de toxicidade son altos, poden derivar na **prohibición** da extracción de marisco.

Comeza a nidificar a gaivota común

A finais de abril a gaivota común (*Larus ridibundus*) nidifica nos cantís das **illas Cíes**, aínda que tamén poden facelo en puntos agrestes da Ría. Nas illas poden observarse dende os miradoiros que hai dispostos para avistar aves.



2011



Os parrulos no Lagares

En maio, o curso baixo do río Lagares convértese no escenario dun curioso espectáculo: as femias do lavanco real (*Anas platyrhynchos*) percorren coas súas crías as augas do río. Este parrulo, caracterizado pola brillante cabeza verde do macho, é moi frecuente nas paisaxes das ribeiras; cría no contorno dos humedais próximos á **desembocadura do Lagares**, na **brañeira do Vao** e nas marxes do **encoro de Zamáns**.

FLORECEN OS CASTIÑEIROS DE INDIAS

A **rúa Manuel Olivie** é un bo lugar para ver a nova imaxe que locen os castiñeiros de indias (*Aesculus hippocastanum*). Estas árbores poden alcanzar os 30 metros de altura; as flores son brancas e forman un acio en forma de pirámide. Distínguense do castiñeiro común en que o seu froito non é comestible debido ao seu amargor.



OS SALMÓNS DESOVAN NO RÍO VERDUGO!



SÓ O 3% CONSEGUIRÁ VOLVER AO ATLÁNTICO

Dende as frías augas do Atlántico Norte, os salmóns (*Salmo salar*) chegan na busca do lugar do que son orixinarios. Entran no **río Verdugo** para desovar nas partes máis altas e así evitar os depredadores. A maioría dos exemplares morren tras a esgotadora posta de ovos. Só un 3% son capaces de regresar ao Atlántico nos meses de novembro ou decembro. Durante o longo proceso de desova permanecerán en xaxún e tan só se dedicarán á maduración dos ovos.

VIGO NATURAL

MAIO

LUNS

2

Baixamar: 08.14/20.36
Preamar: 02.11/14.27

MARTES

3

Baixamar: 08.45/21.09
Preamar: 02.44/14.58

● Nova

MÉRCORES

4

Baixamar: 09.16/21.42
Preamar: 03.16/15.30

XOVES

5

Baixamar: 09.49/22.17
Preamar: 03.50/16.03

VENRES

6

Baixamar: 10.24/22.56
Preamar: 04.26/16.40

SÁBADO

7

Baixamar: 11.03/23.39
Preamar: 05.06/17.21

DOMINGO

8

Baixamar: 11.48
Preamar: 05.52/18.09

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

VIGO NATURAL

MAIO

LUNS

9

Baixamar: 00.29/12.41
Preamar: 06.46/19.05

MARTES

10

Baixamar: 01.30/13.48
Preamar: 07.50/20.12

☾ Crecente

MÉRCORES

11

Baixamar: 02.42/15.04
Preamar: 09.02/21.25

XOVES

12

Baixamar: 03.54/16.18
Preamar: 10.14/22.36

VENRES

13

Baixamar: 05.00/17.22
Preamar: 11.18/23.39

SÁBADO

14

Baixamar: 05.57/18.20
Preamar: 12.14

DOMINGO

15

Baixamar: 06.49/19.12
Preamar: 00.36/13.05

DÍA DA ACCIÓN DO CLIMA

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

A galiñola incuba os seus ovos

A galiñola (*Gallinula chloropus*) incuba dúas postas de 5 a 10 ovos, que durante 20 días serán vixiados tanto polo macho como pola femia. Trátase dun inquilino común nas ribeiras fluviais, aínda que tamén é frecuente velo en lagoas e marismas. Aniña entre a vexetación das marxes fluviais ou entre xunqueiras e canavais de zonas húmidas. A galiñola é unha ave bastante asustadiza, aínda que no curso baixo do **río Lagares** está afeita á xente e é doado observala ocupada na busca de herbas acuáticas, sementes ou invertebrados.



NON MOLESTAR!



A ÁRBORE DO AMOR

Os *Cercis siliquastrum*, máis coñecidos como árbores do amor, florecen na **rúa Rosalía de Castro**. O nome común en galego de árbore do amor débese á cor rosa das súas flores e á forma de corazón das follas. Os froitos (longas vaiñas de cor avermellada) maduran en xullo e permanecen na árbore durante o inverno.

O FALCÓN PEREGRINO NAS CÍES

Comeza a época de cría do falcón peregrino (*Falco peregrinus*), unha das aves terrestres máis representativas das illas Cíes. Macho e femia incuban os ovos durante 28 días. Trá-



tase dunha ave grande, co lombo de cor gris azulada e a parte inferior esbrancuxada e con manchas escuras. Pode voar a unha **velocidade de cruceiro** de 100 quilómetros por hora, pero cando caza, efectuando un ataque en picado cara a súa presa, pode alcanzar a increíble velocidade de 300 quilómetros por hora.

2011

OS CARASSIUS CARASSIUS EN ZAMÁNS

No encoro de Zamáns, os carasios inician a súa **fase de reprodución**. Durante o cortexo os machos perseguen con insistencia as femias, acariñándolles o abdome coas eflorescencias nupciais para incitalas a desovar. A posta realízase entre pólas e plantas acuáticas.



BOLBORETAS NO ZOO

Os afeccionados aos lepidópteros teñen que aproveitar os días de primavera e verán para visitar o **Exotarium** do zoo. Só durante estes meses as bolboretas substitúen as pequenas aves exóticas que se exhiben no recinto o resto do ano.

Guerra de flores

Un desfile polo **centro de Vigo** protagoniza a recuperada Batalla das Flores. Música, animación e moita cor protagonizan este día de exaltación da primavera.

Florece a armeria pubigera

Como namorar a persoa amada



Nos cantís das **illas Cíes** e no litoral rochoso do municipio florece a herba de namorar (*Armeria pubigera*). Os pétalos desta flor encontran nos chans húmidos e abruptos o seu hábitat natural. A herba de namorar ten unha longa tradición en Galicia, terra de lendas e feitizos. Cóntase que se a planta se colle durante a noite de San Xoán e disimuladamente se lle fai chegar á persoa amada, logrará namorarse para sempre sen que ningún conxuro poida romper a unión.

VIGO NATURAL

MAIO

LUNS
16

Baixamar: 07.37/20.02
Preamar: 01.28/13.53

MARTES
17

Baixamar: 08.24/20.51
Preamar: 02.18/14.39

Chea

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

MÉRCORES
18

Baixamar: 09.09/21.38
Preamar: 03.06/15.25

XOVES
19

Baixamar: 09.54/22.26
Preamar: 03.53/16.10

VENRES
20

Baixamar: 10.39/23.13
Preamar: 04.40/16.56

SÁBADO
21

Baixamar: 11.24
Preamar: 05.27/17.43

DOMINGO
22

Baixamar: 00.01/12.12
Preamar: 06.16/18.33

*DÍA INTERNACIONAL
DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA*

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

VIGO NATURAL

MAIO

LUNS
23

Baixamar: 00.52/13.05
Preamar: 07.09/19.27

MARTES
24

Baixamar: 01.48/14.06
Preamar: 08.07/20.26

☾ Minguante

MÉRCORES
25

*DÍA EUROPEO DOS
PARQUES NATURAIS*

Baixamar: 02.50/15.15
Preamar: 09.11/21.30

XOVES
26

Baixamar: 03.54/16.22
Preamar: 10.16/22.34

VENRES
27

Baixamar: 04.53/17.22
Preamar: 11.15/23.31

SÁBADO
28

Baixamar: 05.44/18.12
Preamar: 12.04

DOMINGO
29

Baixamar: 06.28/18.56
Preamar: 00.20/12.46

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

As dunas florecen

O feo (*Ammophila arenaria*) ornamenta os terreos areentos. Trátase dunha planta perenne con raíces que poden chegar a máis de catro metros de profundidade e serve para fixar as dunas. É unha das primeiras colonizadoras das **illas Cíes**.



PEREXIL DO MAR

Nas illas Cíes, comeza a época de floración do perexil do mar (*Crithmum maritimum*), unha planta comestible propia da costa mediterránea que medra en **estado salvaxe**. Este período esténdese ata o mes de agosto. Gregos e romanos xa a utilizaban crúa para as súas ensaladas.



NACEMENTOS NO ZOO

Nacen as crías de voitre leonado (*Gyps fulvus*), así como da maioría das especies de aves que residen no zoo de Vigo. Acompañan estes nacementos os cantos do cuco (*Cuculus canorus*) e da bubela (*Upupa epops*), tamén coñecida como **galo merdeiro**, que animan o ambiente co seu alegre son.

2011

Árbore de Xúpiter

A rúa Airines échese de cor coa floración da árbore de Xúpiter (*Lagerstroemia indica*). As flores, de cor rosa, presentan pétalos rizados que se agrupan en panículas. A cortiza despóxase cada ano do tronco. Son árbores multitalo e xeralmente moi frondosas.



‘Nacen’ os cornos dos cervos

Despois de perder as súas cornamentas a comezos da primavera, os cervos do zoo enfróntanse agora a un proceso coñecido como “escoda”. Cando lles saen os cornos aparecen cubertos dunha capa moi débil e delicada semellante ao veludo, que os animais e liminan refregándose contra árbores e arbustos.

ECLOSIÓN
DE VIDA



CADA FEMIA DE POLBO PON UNS 150.000 OVOS

Culmina o proceso de reprodución do polbo. Tras un período de incubación de case dous meses, no que as femias se dedican a protexer a súa posta dos depredadores, os ovos eclosionan. Cada polbo pode poñer 150.000 ovos (nalgúns casos chegan a 300.000), que agrupa en acios nos teitos das covas. A femia non se alimenta durante o tempo no que cuida as larvas, polo que **morre tras a eclosión** dos ovos.

VIGO NATURAL

MAIO-XUÑO

LUNS
30

Baixamar: 07.07/19.35
Preamar: 01.03/13.24

MARTES
31

Baixamar: 07.43/20.12
Preamar: 01.42/13.59

MÉRCORES
1

Baixamar: 08.19/20.49
Preamar: 02.19/14.34

● Nova

XOVES
2

Baixamar: 08.55/21.26
Preamar: 02.56/15.10

VENRES
3

Baixamar: 09.32/22.05
Preamar: 03.34/15.48

SÁBADO
4

Baixamar: 10.11/22.46
Preamar: 04.14/16.29

DOMINGO
5

Baixamar: 10.54/23.31
Preamar: 04.57/17.12

DÍA MUNDIAL
DO MEDIO AMBIENTE

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

VIGO NATURAL

XUÑO

LUNS
6

Baixamar: 11.40
Preamar: 05.43/18.00

MARTES
7

Baixamar: 00.20/12.31
Preamar: 06.34/18.52

MÉRCORES
8

DÍA MUNDIAL DOS OCÉANOS

Baixamar: 01.14/13.29
Preamar: 07.31/19.51

XOVES
9

Baixamar: 02.15/14.35
Preamar: 08.34/20.56

☾ Crecente

VENRES
10

Baixamar: 03.21/15.46
Preamar: 09.40/22.05

SÁBADO
11

Baixamar: 04.28/16.55
Preamar: 10.47/23.13

DOMINGO
12

Baixamar: 05.30/18.00
Preamar: 11.49

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Amarelo en María Berdiales

O amarelo intenso da foliación das *Gleditsia triacanthos*, tamén coñecida como **acacia de tres espiños**, cobre a rúa María Berdiales. É unha árbore caducifolia de crecemento rápido que vive unha media de 80 anos e desenvolve flores fragrantas.



OS NIÑOS NO GALIÑEIRO

O merlo azul (*Monticola solitarius*) nidifica na serra do Galiñeiro, un dos poucos enclaves nos que cría a especie no sur de Pontevedra. O niño constrúese **nas fendas de paredes** de pedra con herba e raíces.

As aves mudan a roupa!

Aproveitando o aumento das temperaturas, as aves cambian as súas plumas.



2011

LARANXEIRAS EN FLOR

As rúas Velázquez Moreno, García Barbón e Urzáiz olen a azar.

A fragancia da flor da laranxeira, o azar, impregna o paseo por estas rúas. Trátase dunha flor branca que ten propiedades sedantes e lixeiramente hipnóticas. **É moi apreciada** pola súa beleza e as súas propiedades terapéuticas. Ademais, utilízase como ingrediente esencial en varias infusións.



ECLIPSE DE LÚA

O 15 de xuño producirase unha eclipse total de lúa. Os afeccionados á astronomía poden contemplala no seu punto máximo ás 22.13 h. O primeiro contacto coa penumbra producirase **ás 17.24 e ás 23.00 h.** concluirá este acontecemento que ten lugar cada vez que a Terra se interpón entre a Lúa e o Sol.



**FLORECE
A XARA**



As Cíes vístense de gala

Xunto co toxo, a xara moura (*Cistus salviifolius*) é a especie de matogueira dominante nas illas Cíes. Ten unha flor de cor branca de catro a cinco centímetros de diámetro e adoita cubrir a totalidade da planta, o que lle confire á paisaxe un aspecto elegante e case de festa. A xara moura é unha mata que non supera o metro de altura. As follas, pequenas e cubertas de pequenos pelos, empregáronse como astrixentes ou **sucedáneo do té.**

VIGO NATURAL

XUÑO

LUNS
13

Baixamar: 06.28/18.58
Preamar: 00.16/12.46

MARTES
14

Baixamar: 07.20/19.52
Preamar: 01.14/13.38

MÉRCORES
15

Baixamar: 08.09/20.41
Preamar: 02.07/14.26

○ Chea
● Eclipse total de Lúa

XOVES
16

Baixamar: 08.55/21.28
Preamar: 02.55/15.12

VENRES
17

Baixamar: 09.39/22.13
Preamar: 03.41/15.56

*DÍA MUNDIAL CONTRA
A DESERTIFICACIÓN*

SÁBADO
18

Baixamar: 10.22/22.56
Preamar: 04.25/16.39

DOMINGO
19

Baixamar: 11.04/23.37
Preamar: 05.07/17.22

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

VIGO NATURAL

XUÑO

LUNS
20

Baixamar: 11.46
Preamar: 05.49/18.04

MARTES
21

Baixamar: 00.20/12.30
Preamar: 06.32/18.48

MÉRCORES
22

Baixamar: 01.04/13.18
Preamar: 07.18/19.36

XOVES
23

*SOLSTICIO DE VERÁN,
NOITE DE SAN XOÁN*

Baixamar: 01.52/14.13
Preamar: 08.10/20.39

☾ Minguante

VENRES
24

Baixamar: 02.47/15.17
Preamar: 09.09/21.30

SÁBADO
25

Baixamar: 03.49/16.26
Preamar: 10.13/22.34

DOMINGO
26

Baixamar: 04.50/17.29
Preamar: 11.14/23.35

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

VERÁN

VIGO 2011



LEDICIA

O 21 DE XUÑO chega o verán e co bo tempo e a calor as **25 PRAIAS** do municipio reciben a miles de persoas desexosas de **GOZAR DO SOL E DO MAR**. Comeza tamén o transporte regular ás **ILLAS CÍES**, o **PARAÍSO NATURAL** de gran riqueza ecolóxica que protexe a entrada da **RÍA**. Nesta estación, algunhas aves mariñas crían, florecen certas **ESPECIES** froiteiras e é o momento para avistar os enormes peixes lúa ou a entrada dos **GOLFIÑOS** na Ría.





PRAIAS DE BANDEIRA

Vigo é, xunto con Sanxenxo, o concello galego con maior número de **BANDEIRAS AZUIS**. No ano 2010 fóronlles concedidas ás **PRAIAS**: A Punta, Argazada, O Vao (onde se están a recuperar as dunas), O Tombo do Gato, Canido, A Fontáña, e Rodas e Figueiras nas Cíes. A máis popular é **SAMIL**, que é o **MAIOR AREAL** da cidade, cun quilómetro de lonxitude, e que conta con **SERVIZOS** como piscinas, escurregadoiros, espazos deportivos e infantís...



ILLAS CÍES

A media hora en barco atópase un dos **PARAÍDOS** naturais mellor conservados de Europa, que conta cunha praia, a de **RODAS**, que foi catalogada como a mellor do mundo. O verán, nas Cíes, é un **PRIVILEXIO**.



A DIVERTIRSE!

O bo tempo invita a gozar do ambiente natural do municipio. Nenos e adultos **XOGAN** nas praias, **NAVEGAN** pola Ría ou dedícanse a observar a cambiante natureza. Na cidade reproducense as **ÁRBORES DE XÚPITER** e as acacias de tres espiños, nos **FONDOS MARIÑOS** faino o polbo e en terra moitas aves cambian de plumas.

VIGO NATURAL

XUÑO-XULLO

LUNS
27

Baixamar: 05.45/18.23
Preamar: 12.07

MARTES
28

Baixamar: 06.33/19.09
Preamar: 00.28/12.53

MÉRCORES
29

Baixamar: 07.16/19.51
Preamar: 01.15/13.35

XOVES
30

Baixamar: 07.57/20.39
Preamar: 01.58/14.14

VENRES
1

Baixamar: 08.37/21.11
Preamar: 02.38/14.54

● Nova

SÁBADO
2

Baixamar: 09.17/21.51
Preamar: 03.19/15.34

DOMINGO
3

Baixamar: 09.58/22.33
Preamar: 04.00/16.16

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

VIGO NATURAL

XULLO

LUNS

4

Baixamar: 10.41/23.17
Preamar: 04.43/16.59

MARTES

5

Baixamar: 11.26
Preamar: 05.28/17.45

MÉRCORES

6

Baixamar: 00.02/12.14
Preamar: 06.15/18.34

XOVES

7

Baixamar: 00.52/13.07
Preamar: 07.07/19.28

VENRES

8

Baixamar: 01.47/14.08
Preamar: 08.05/20.30

📍 Crecente

SÁBADO

9

Baixamar: 02.50/15.19
Preamar: 09.11/21.41

DOMINGO

10

Baixamar: 04.00/16.37
Preamar: 10.20/22.56

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO						
L	M	ME	X	V	S	D
						7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				




ACTIVIDADES DE VERÁN EN VIGOZOO

Ludotecas e campamentos forman parte da oferta destinada aos máis pequenos. Coincidindo coas **vacacións escolares**, estas actividades son unha oportunidade para coñecer os animais e os seus costumes. Os nenos mesmo poden participar nos cuidados de certos exemplares.



GAIVOTA PATIAMARELA 'Non incomodar'. Están a criar

A chegada do verán permite visitar con regularidade as **illas Cíes**. Hai que ter en conta que é a época de reprodución da gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) que ten nas illas unha das colonias máis numerosa do mundo (téñense contabilizado ata 22.000 parellas). Polo tanto, non se poden molestar nin darlles de comer para non facelas dependentes do ser humano.



O pavón

O pavón (*Pavo cristatus*) macho perde as plumas da súa cola. Estas alcanzan a súa maior vistosidade durante a primavera.

Protexede as dunas!

Dende hai uns anos, o Concello de Vigo está a levar a cabo diversos proxectos encamiñados á recuperación e conservación das dunas do municipio. Coa chegada do verán aumenta o número de persoas que acoden á praia, o lugar onde estes sistemas de dunas están máis ameazados. Nas **illas Cíes** e nos **areais do Vao, Fontaiña e Samil** habilitáronse espazos valados para evitar que este fráxil ecosistema sexa invadido. Para a súa conservación é necesario que os visitantes respecten estes espazos, que non os pisen nin boten neles ningún elemento contaminante.





Os pitos da pega inician o voo

A pega (*Pica pica*) é unha das especies de aves máis frecuentes nos **parques urbanos e xardíns** do municipio, xunto cos pimpíns, paporrubios, xiríns ou pombas. A pega sitúa o niño, sólido e de grandes proporcións, nas ramas máis altas das árbores ou en matogueiras. A posta consta de catro a sete ovos. Os pitos son alimentados durante un mes ata que comezan a voar.



A correola

A correola (*Convolvulus althaeoides*) atópase en plena floración **nas Cíes**. Trátase dunha planta perenne propia de chans areentos, que pode alcanzar 2,5 metros de altura. As flores son de cor rosa viño e de gran vistosidade.

FLORES ESTIVAIS

As rúas Hispanidade e Conde de Gondomar, e o parque de Castrelos cóbrense de cor

A acacia de Constantinopla (*Albizia julibrissin*) produce flores durante todo o verán. Estas non teñen pétalos e forman un grupo compacto de estames con aspectos de fíos de seda. Florece nas rúas Hispanidade e Conde de Gondomar. Pola súa banda, a xacarandá (***Jacaranda mimosifolia***), cos seus erguidos acios de flores anil, ornamenta o inicio da Travesía de Vigo, o parque de Castrelos ou As Avenidas. O termo xacarandá provén do seu nome nativo guaraní e significa “fragrante”. As flores son grandes e presentan forma de campá.



VIGO NATURAL

XULLO

LUNS

11

Baixamar: 05.12/17.51
Preamar: 11.33

MARTES

12

Baixamar: 06.16/18.54
Preamar: 00.07/12.36

MÉRCORES

13

Baixamar: 07.11/19.47
Preamar: 01.08/13.29

XOVES

14

Baixamar: 07.59/20.34
Preamar: 02.00/14.17

VENRES

15

Baixamar: 08.43/21.16
Preamar: 02.45/15.00

Chea

SÁBADO

16

Baixamar: 09.23/21.55
Preamar: 03.26/15.40

DOMINGO

17

Baixamar: 10.02/22.31
Preamar: 04.04/16.28

XUÑO

L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO

L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO

L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

VIGO NATURAL

XULLO

LUNS

18

Baixamar: 10.39/23.07
Preamar: 04.40/16.55

MARTES

19

Baixamar: 11.15/23.42
Preamar: 05.06/17.31

MÉRCORES

20

Baixamar: 11.52
Preamar: 05.52/18.08

XOVES

21

Baixamar: 00.48/12.31
Preamar: 06.30/18.47

VENRES

22

Baixamar: 00.58/13.16
Preamar: 07.13/19.31

SÁBADO

23

Baixamar: 01.43/14.11
Preamar: 08.03/20.26

☾ Minguante

DOMINGO


24

Baixamar: 02.39/15.23
Preamar: 09.06/21.35

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO						
L	M	ME	X	V	S	D
						7
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				



AUGAS FLUORESCENTES

Os dinoflaxelados son uns organismos microscópicos que habitan as augas mariñas. Algunhas especies poden emitir luz, que se aprecia cando se produce unha axitación da auga ou cando se camiña pola area mollada con marea baixa. Dise entón que hai ardentía ou ardora. A especie máis frecuente no mundo é a **Noctiluca scintillans** e a **bioluminiscencia** prodúcese ao reaccionar unha proteína chamada luciferina co osíxeno.

LIRIOS AMARELOS

Paseos polas zonas húmidas

É un bo momento para percorrer os humedais do municipio, xa que florecen os lirios amarelos (*Iris pseudacorus*). Os lirios posúen unha flor moi rechamante de coloración amarela que medra nas marxes fluviais. Poden aparecer **de xeito solitario ou en pares** e alcanzar un diámetro de 8 a 10 centímetros. Antigamente tiñan usos medicinais.



Felicidades, 'Duches'!

O 20 de xullo é o aniversario de *Duches*, o tigre femia que vive no zoo.

Observar aves dende as Cíes

As illas Cíes son un importante punto de referencia para os afeccionados á ornitología. No verán, teñen o aliciente de que se produce a chegada de numerosas aves de paso, como a pardela balear (*Puffinus mauretanicus*) e o carrán cristado (*Sterna sandvicensis*). As zonas intermareais son tamén utilizadas por moitas aves ligadas ao medio acuático que as usan como zonas de descanso ou refuxio. É habitual a presenza de garzas, píllaras riscadas, andarríos, mazaricos e outras aves limícolas. Para avistar aves destacan tamén as zonas de **Punta Sobreira, Punta Apio** e **Cabo Estai**, cuxos rochedos e illotes son habituais zonas de descanso de corvos mariños.



2011



Corvo mariño real

Chegan os primeiros exemplares

A finais de xullo poden observarse os primeiros exemplares de corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*) nas **Cíes** e **Silleiro** (Baiona), lugares que utiliza como zona de descanso. O corvo mariño é unha ave negra de grande envergadura con cola longa e gorxa amarelenta. Adoitan formar concentracións, en ocasións bastante grandes, que son un espectáculo bastante grande, que son un espectáculo cando se trasladan en busca de alimento. Ás veces, ao amencer, pódense ver á altura da **ponte de Rande**.

Telescopios a punto

Para os máis seguidores da astronomía: o **29 de xullo** prodúcese a actividade máxima da chuvía de estrelas Delta Acuárida do Sur, que se prolonga do 12 de xullo ao 19 de agosto.



AFLORAMENTO DAS AUGAS

No verán, os ventos do norte desprazan as augas superficiais do mar (máis cálidas) cara ao exterior. O seu lugar ocúpano as **augas frías das profundidades** que arrastran nutrientes importantes que pasan á cadea trófica mariña e revitalizan o sistema biolóxico.

VIGO NATURAL

XULLO

LUNS
25

DÍA DE GALICIA
SANTA ANA

Baixamar: 03.50/16.44
Preamar: 10.19/22.51

MARTES
26

Baixamar: 05.02/17.52
Preamar: 11.28/23.57

MÉRCORES
27

Baixamar: 06.02/18.45
Preamar: 12.24

XOVES
28

Baixamar: 06.52/19.31
Preamar: 00.51/13.11

VENRES
29

Baixamar: 07.37/20.12
Preamar: 01.37/13.54

SÁBADO
30

Baixamar: 08.18/20.52
Preamar: 02.19/14.35

● Nova

DOMINGO
31

Baixamar: 08.59/21.32
Preamar: 03.00/15.16

XUÑO						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

VIGO NATURAL

AGOSTO

LUNS

1

Baixamar: 09.40/22.13
Preamar: 03.41/15.57

MARTES

2

Baixamar: 10.23/22.55
Preamar: 04.23/16.40

MÉRCORES

3

Baixamar: 10.06/23.39
Preamar: 05.06/17.25

XOVES

4

Baixamar: 11.53
Preamar: 05.52/18.13

VENRES

5

Baixamar: 00.26/12.44
Preamar: 06.42/19.05

SÁBADO

6

Baixamar: 01.19/13.44
Preamar: 07.38/20.08

☾ Crecente

DOMINGO

7

Baixamar: 02.22/15.01
Preamar: 08.47/21.24

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO						
L	M	ME	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

SETEMBRO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Visitas fantasmais

A primeiras horas da mañá, o horizonte do litoral vigués adquire unha aparencia inquietante pola presenza das **primeiras néboas**. Este fenómeno prodúcese pola simbiose entre a fría temperatura da auga e a calor que se acumula na atmosfera. As néboas concéntranse cos primeiros raios de luz natural e vanse dissipando conforme aumentan as temperaturas nas horas centrais.



UN PETEIRO
SINGULAR



MIGRACIÓN DA GABITA

Entre os meses de agosto e outubro, unha ollada atenta pode descubrir no ceo á gabita (*Haematopus ostralegus*), unha ave caracterizada polo seu longo peteiro laranxa e a **plumaxe negra intensa** nas partes superiores e branca nas partes inferiores. A gabita adoita estar de paso, aínda que non é estraño que quede nesta zona a invernarse. Aliméntase das cunchas de mexillóns, caracois mariños e outros crustáceos que rompe a picadas.

Cabalos en liberdade

As mandas de cabalos son parte da paisaxe do monte Galiñeiro. Os equinos viven en liberdade, **pacen en prados e matogueiras** e contribúen a manter a diversidade de hábitats ao controlar a forte capacidade colonizadora do toxo. A súa actividade atenúa tamén o risco de incendios. Durante os meses de agosto e setembro realízanse as rapas das bestas nas que os gandeiros reúnen os exemplares, marcan os novos poldros, córtanlles as crinas e eliminan os parasitos do gando.



2011



Chuvia de meteoros

O 13 de agosto a chuva das Perseidas alcanzará o momento de máxima intensidade. As asociacións astronómicas do municipio adoitan organizar actividades relacionadas coa observación destes meteoros entre o 17 de xullo e o 26 de agosto. As Perseidas son tamén coñecidas co nome de **"bágoas de san Lourenzo"** porque a súa época de maior actividade coincide co día deste santo.

A MARAGOTA



PRIMEIRO FEMIA E, OITO ANOS DESPOIS, MACHO

A maragota (*Labrus bergylta*) afronta o período de reprodución nos fondos mariños das Cíes. Trátase dun dos peixes máis frecuentes nestas augas, xunto co sargo e a robaliza. Acada unha lonxitude máxima de 66 centímetros e presenta a curiosidade de que todos os exemplares son femias nos seus primeiros oito anos e logo algúns cambian a macho. Ten predilección polas **zonas rochosas ricas en algas**. Sitúase agochada entre a vexetación mariña e permanece queda cando presente perigo.

AS ABELEIRAS

(*Corylus avellana*), unha das especies mais frecuentes nas ribeiras dos ríos, **comezan a frutificar**. Haberá que esperar ao outono para recoller os froitos.



Floración urbana

Nas rúas Ecuador e Areal florecen os *Hibiscus syriacus*. Trátase dunha planta cultivada como flor ornamental coñecida co nome de **rosa de Siria**. Pode alcanzar catro metros de altura e produce elegantes flores, pero de curta vida, pois duran ao redor dun día.



VIGO NATURAL

AGOSTO

LUNS

8

Baixamar: 03.41/16.31
Preamar: 10.06/22.50

MARTES

9

Baixamar: 05.02/17.51
Preamar: 11.21

MÉRCORES

10

Baixamar: 06.10/18.52
Preamar: 00.06/12.29

XOVES

11

Baixamar: 07.03/19.40
Preamar: 01.05/13.21

VENRES

12

Baixamar: 07.48/20.20
Preamar: 01.51/14.04

SÁBADO

13

Baixamar: 08.27/20.56
Preamar: 02.30/14.43

Chea

DOMINGO

14

Baixamar: 09.03/21.30
Preamar: 03.05/15.18

XULLO

L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO

L	M	ME	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

SETEMBRO

L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

VIGO NATURAL

AGOSTO

LUNS
15

DÍA DA ASUNCIÓN

Baixamar: 09.37/22.02
Preamar: 03.38/15.52

MARTES
16

FESTAS DE SAN ROQUE

Baixamar: 10.10/22.33
Preamar: 04.10/16.24

MÉRCORES
17

Baixamar: 10.43/23.04
Preamar: 04.41/16.56

XOVES
18

Baixamar: 11.15/23.35
Preamar: 05.13/17.28

VENRES
19

Baixamar: 11.50
Preamar: 05.46/18.02

SÁBADO
20

Baixamar: 00.09/12.28
Preamar: 06.23/18.42

DOMINGO
21

Baixamar: 00.48/13.16
Preamar: 07.07/19.32

☾ Minguante

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO						
L	M	ME	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

SETEMBRO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

A garza real no curso do Lagares

Pode verse durante todo o ano, pero a presenza da garza real (*Ardea cinerea*) é máis frecuente entre agosto e outubro. Obsérvase con frecuencia na **zona de marisma e nas ribeiras** do curso baixo do Lagares. Aliméntase de peixes, anfibios, réptiles e insectos. Algúns poucos individuos quedan no municipio para invernar.



Plantas nas dunas

Nas illas Cíes, as plantas das dunas coñecidas como **cebola de mar** ou **cebola das gaviotas** (*Pancretium maritimum*), así como o **cardo de mar** (*Eryngium maritimum*) encóntranse en plena floración. Este proceso é a antesala á produción de sementes, pero aínda han de pasar varias semanas ata que estas sexan viables. A primeira ten unha flor puntiaguda de cor esbrancuxada, mentres que a segunda é de tons azulados. Ambas as dúas son moi rechamantes.

2011

Migración da cegoña



Coa proximidade do outono, comeza a migración de moitas aves, como as rapaces ou a cegoña (*Ciconia ciconia*). Os saúdos rituais da cegoñas están acompañados dun curioso estado do peteiro. **O son característico que emite** cando está en celo chámase "crotoreo". A época de cría da cegoña comezou en primavera. Os machos chegaron ata aquí algúns días antes cás femias, e mentres esperaron por elas, arranxaron o niño que agora abandonan, ata o próximo ano.

CRÍAN NAS CÍES



CHEGAN AS GAIVOTAS ESCURAS

A finais de agosto preséntanse nas costas vigeas os primeiros exemplares da gaivota escura (*Larus fuscus*) que de xeito excepcional (un centenar de parellas) tamén utiliza as illas Cíes para criar. No municipio pódense observar ao longo do ano ata **cinco especies diferentes de gaivotas**, unhas que frecuentan espazos máis humanizados e outras máis vinculadas ao medio mariño e costeiro.

Momento de ver Neptuno

O 22 de agosto Neptuno entra en oposición, polo que é máis apreciable dende a Terra. O noso planeta interpoñeráse entre o Sol e Neptuno e este adoptará a posición máis próxima á Terra.



VIGO NATURAL

AGOSTO

LUNS
22

Baixamar: 01.38/14.24
Preamar: 08.06/20.42

MARTES
23

Baixamar: 02.51/15.59
Preamar: 09.25/22.11

MÉRCORES
24

Baixamar: 04.21/17.22
Preamar: 10.49/23.29

XOVES
25

Baixamar: 05.34/18.20
Preamar: 11.55

VENRES
26

Baixamar: 06.28/19.06
Preamar: 00.27/12.46

SÁBADO
27

Baixamar: 07.13/19.47
Preamar: 01.14/13.30

DOMINGO
28

Baixamar: 07.56/20.27
Preamar: 01.56/14.12

XULLO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AGOSTO						
L	M	ME	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

SETEMBRO						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	